



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE A CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira, María García Gómez, e ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello da Coruña, presenta para debate e no seu caso aprobación no Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN CONTRA A VENDA DOS PEIRAOIS DE SAN DIEGO**.

Exposición de motivos

O vindeiro 9 de abril está prevista unha nova xuntanza entre as administracións que están chamadas a deixar sen efecto os infaustos convenios, aínda hoxe en vigor, que en 2004 hipotecaron o futuro do bordo litoral da Coruña ao condicionar o financiamento do Porto Exterior de Punta Langosteira á venda e privatización de terreos nos peiraos interiores da cidade. Aqueles acordos, incorporados posteriormente ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), contaron coa sinatura do alcalde socialista Francisco Vázquez e os populares Francisco Álvarez Cascos e Alberto Núñez Feijóo como representantes, respectivamente, do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia.

Durante o pasado mandato, e grazas en boa medida á mobilización dunha cidadanía que non estaba disposta a alimentar de novo unha burbulla, a inmobiliaria, que xa lles estoupara na cara con toda a crueza da crise de 2008, un novo sentido común abriuse paso en torno á cuestión portuaria. Múltiples acordos, cada vez con maior apoio até acadar a unanimidade nos plenos do Concello, a Deputación da Coruña e mesmo o Parlamento de Galicia, dan fe deste novo consenso: a necesidade de indultar os terreos portuarios da súa condena á especulación urbanística e aproveitar a reordenación do borde litoral para xerar emprego nas economías verde e azul e mellorar a habitabilidade da cidade.

Para materializar este novo horizonte, que expresa un desexo longamente cobizado pola cidadanía, é preciso eliminar da ecuación a débeda da Autoridade Portuaria. Non só por ser unha carga que o ente non é quen de sorportar, senón porque é inxusta: as infraestruturas estratéxicas non se poden financiar con cargas para unha cidade, e moito menos se esas cargas pasan polo espolio dun ben común como é o litoral. Esta Corporación pronunciouse repetidamente a favor de esixir a condonación desa hipoteca, tal e como se fixo en Valencia coas débedas contraídas para os grandes fastos da vela e as carreiras, e de dotar Punta Langosteira da conexión ferroviaria que precisa para ser viable.

Estas dúas demandas permanecen hoxe insatisfeitas. Os compromisos en torno á licitación do ferrocarril son tibios de máis, e no que respecta á débeda as noticias son bastante peores. O Goberno do Estado teima en pecharlle o paso á condonación e abrirle a porta á rendibilización de activos, isto é, a privatización do noso litoral. Nesa dirección se manifestaron, de maneira moi desafortunada, tanto o presidente de Puertos del Estado como o ministro de Transportes, José Luis Ábalos. Era cuestión de tempo que o presidente da Xunta aproveitase a oportunidade para dar un paso adiante.

O pasado sábado 27 de marzo, non por casualidade aproveitando á reapertura temporal do peirao de Transatlánticos á cidadanía, o presidente Feijóo amosouse claramente partidario de vender peiraos en San Diego para amortizar a débeda da Autoridade Portuaria. A alcaldesa Inés Rey, alí presente, nada dixo. Tampouco nos días sucesivos. Tampouco a preguntas dos medios de comunicación. Tampouco cando a Marea Atlántica lle pediu claridade e lealdade aos consensos plenarios na Comisión do Bordo Litoral.


A ambigüidade en torno á defensa dun ben común é intolerable. As intencións declaradas polo Goberno do Estado e a Xunta de Galicia son moi graves, e o Concello da Coruña ten que posicionarse claramente na defensa do noso litoral. Por todo o antedito, o Grupo Municipal da Marea Atlántica propón a adopción do seguinte

ACORDOS

1.- O Pleno da Corporación expresa o seu máis rotundo rexeitamento á venda e privatización de terreos portuarios da Coruña para amortizar a débeda da Autoridade Portuaria e esixe á alcaldía da Coruña e restantes administracións implicadas que aseguren o cumprimento dos acordos plenarios na defensa do porto interior da Coruña.

2. Aos efectos do indicado no apartado anterior, instase ao goberno local a que nas negociacións inter-administrativas para a revisión dos Convenios e réxime de ordenación e uso dos terreos, se defenda a parte resolutiva dos acordos plenarios antes indicados, en especial no relativo, á condonación do préstamo de 200 millóns (ou axuda equivalente), titularidade e xestión pública, usos portuarios e de Economía azul e do mar, así como os dotacionais públicos, e, por último, a esixencia de licitación no 2021 da conexión ferroviaria ao porto exterior.

A Coruña, 31 de marzo de 2021



María García Gómez

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica